



TEATRO

La Zaranda

EN NARÓN

MÚSICA

Luísa Sobral

NO TEATRO JOFRE

Benquerer

FRAN SIEIRA PRESENTA EN NARÓN O SEU NOVO
ESPECTÁCULO

Ana Amado

Exemplo de creadora inqueda para explicar e explicarse o mundo que habita, Ana Amado bebe de facetas artísticas como a fotografía, a arquitectura ou o audiovisual. Agora acaba de regresar a súa cidade para presentar un libro insólito sobre unhas monxas de clausura no convento zamorano de Sancti Spiritus.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** José Manuel Ortega

Aí. Vés de presentar en Ferrol, na Coruña e Madrid este novo traballo fotográfico, “Sancti Spiritus”, sobre unhas monxas de clausura. Como está a ser a recepción?

AA. Moi bonita. Os actos son moi concorridos e a xente fala sobre o tema. Soen aparecer referencias relixiosas como a da cantante Rosalía ou da película “Los domingos” aínda que isto é moi anterior. Creo que no ambiente flota algo novo, unha necesidade de relixiosidade ou espiritualidade que interesa a xente nova, caridade ou compaixón que non é específica dunha relixión en concreto. Quizais haxa unha reacción á présa ou sobreexposición de hoxe. A necesidade duns valores fronte ao egoísmo que estamos a vivir.

Aí. Como nace o que fotografas en “Sancti Spiritus”?

AA. Foi en 2019, antes da pandemia, que vin no programa de RTVE “Pueblo de Dios” unha reportaxe sobre este mosteiro de clausura de Toro, en Zamora. Fascinoume a fermosura do espazo e a propia vida das monxas. Ese

mesmo día escribinlles e me convidaron a visitalas. Teño que dicir que inconscientemente me influíu unha tía avoa miña que foi monxa, Rosario Bellón, que coidaba a enfermos.

Aí. E o que atopas en Toro era o que agardabas?

AA. Foi moito mellor. Nada da escuridade asociada á clausura ou unha experiencia puramente contemplativa. As monxas estaban todo o día traballando facendo doces, no mantemento do cenobio, que ten unha colección moi boa de arte sacra, estudo, atención a visitas, etc. As dominicas son moi abertas e a sorpresa foi a alegría e simpatía que transmiten, nada que ver coa idea de escuridade.

Aí. Ao final en que se traduce esa experiencia?

AA. Pois foron oito días de traballo con elas e o resultado tardou en saír ata que a editorial La Fábrica aposta polo libro despois de moito tempo buscando a quen podía interesarlle. Consta de 63 fotografías e un texto marabilloso da escritora Lara Moreno.

Aí. E ás monxas que lles pareceu o libro?

AA. Encantoulles, xa o teñen alí á venda. Cando eu as retratei eran 7 e na actualidade son 11, pero porque viñeron doutros conventos que están clausurándose. Están preocupadas porque semella que non hai relevo xeracional e están pechando moitos lugares.

Aí. Este traballo non deixa de ser unha nova aposta túa por dar visibilidade a labores feitas por mulleres e non sempre recoñecidas, digámolo así.

AA. Si, fixen o proxecto “Lavadoiros” sobre o traballo feminino e a arquitectura da auga que pasou polo Torrente Ballester e que ademais de fotografía converteuse nun audiovisual que fixen xunto con Lois Patiño. No mes de maio percorrerá cinco concellos da provincia coa colaboración da Deputación da Coruña. E tamén nesta liña está o traballo aberto “Lideresas” sobre a falta de visibilización do traballo feminino nos espazos de poder que vai visitar Suances, en Cantabria, e irá aumentando en cada lugar futuro.



“SON OPTIMISTA ACERCA DOS CAMBIOS ARQUITECTÓNICOS QUE ESTÁ A VIVIR FERROL”

AÍ. Como arquitecta, e vivindo fóra na actualidade, como ves as transformacións que se están a vivir en Ferrol?

AA. Son optimista ao respecto da cidade, aínda que habería

que camiñar máis cara a peonalización. É unha mágoa que non se apreciara máis a transformación da praza de Armas, a calidade do que aí se fixo. Logo, a eliminación do

muro e a apertura ao mar, nótase máis luz e un mellor ambiente.

AÍ. En 2014 fixeches o traballo fotográfico “Persianas pechadas”, sobre os baixos da cidade. Aínda hai moitas persianas pechadas en Ferrol...

AA. Si, é o que me chama a atención porque creo que as cousas deberían is mellor, pero isto confúndeme. Agardemos que a dinámica económica da cidade faga mudar isto. Ademais creo que Ferrol é unha cidade que ten moitas posibilidades e que vai medrar nos próximos anos.

AÍ. Pola mellora económica?

AA. E polo asunto do cambio climático. Galicia e o norte da península van medrar, aínda que isto sexa moi recente. Por exemplo, moito turismo xa está a bascular cara o norte.

AÍ. E iso pode ser bo ou ser malo, non?

AA. Claro. O turismo é moi interesante economicamente pero é certo que temos que estar atentos aos procesos de xentrificación de cidades e vilas e evitar a avaricia con lexislación e control. O tema é complexo porque os intereses son moitos.

AÍ. En que proxectos estás a traballar?

AA. En Madrid, no meu estudio, estou a comezar un traballo sobre telas, algo con visión de xénero de fondo. E logo está unha residencia artística de tres meses que vou facer en Córdoba, un proxecto multidisciplinar de fotografía, arquitectura e música, traballando sobre o flamenco, que tanto me intriga.

11 sábado

20.30 H

O DRAGÓN DE OURO

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

5 €



SARABELA TEATRO PON EN ESCENA ESTA OBRA DE ROLAND SCHIMMELPFENNING, O AUTOR ALEMÁN MÁIS REPRESENTADO, BAIXO A DIRECCIÓN DE ANXELES CUÑA.

Unha noite, nun edificio de varios pisos nalgún lugar de Europa, un mozo chinés sofre unha forte dor de moa na cociña do restaurante O Dragón de Ouro. Non ten permiso de residencia nin cartos, e non pode ir ao dentista. Os compañeiros deciden arrincarlla. No edificio viven moitos veciños: un ancián quere retroceder no tempo; un home visita ao seu amigo, un tendeiro que obriga a unha moza á prostitución. Entre as escenas está inserida a Fábula da Cigarra e a Formiga. O mozo chinés morre desangrado. Os seus colegas tíranlo ao río.

11 sábado

20.00 H

EL VIAJE DEL MONSTRUO FIERO

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

16 €



MONÓLOGO DE RAFAEL ÁLVAREZ "EL BRUJO" QUE HOMENAXEA AOS COMEDIANTES DO SÉCULO DE OURO ESPAÑOL.

A peza fusiona os records privados do actor cos versos e vidas de autores como Lope de Vega, Santa Teresa de Jesús e San Xoán de la Cruz. É un espectáculo con música en directo que mestura poesía e humor.



XXX Concurso de Humor Gráfico e Caricatura

CURUXA DO HUMOR 2026

5000 € EN PREMIOS
Bases publicadas en www.fene.gal

MUSEO DO HUMOR XAQUÍN MARÍN (FENE, A CORUÑA)



CAT. CURUXA (MAIORES DE 25 ANOS)
1º Premio: 2.000 euros e diploma
2º Premio: 1.000 euros e diploma

CAT. CURUXA NOVA (DE 18 A 25 ANOS)
1º Premio: 500 euros e diploma

CAT. CARICATURA (MAIORES DE 16 ANOS)
1º Premio: 1.000 euros e diploma

17 venres

20.30 H

ENSEMBLE FAVOLA D'ARGO

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

16 €



A SOCIEDADE FILARMÓNICA FERROLANA PROPÓN UN CONCERTO BARROCO DO TRÍO ROSANA ORSINI (SOPRANO) MARCO ORSINI (CLAVE) E PABLO RUIBAL (VIOLA DE GAMBA).

O Ensemble Favola d'Argo é un grupo de música antiga especializado na interpretación historicista, é dicir, como se tocaba na súa época orixinal. O programa do concerto é unha viaxe íntima polo primeiro Barroco italiano (século XVII), centrado na relación entre música, emoción e espiritualidade, cun repertorio que mestura música sacra intensa con formas instrumentais e vogais innovadoras do momento.

17 venres

20.00 H

IMPOSTORI

Música

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



“QUE SE TE ACABA EL TIEMPO” É O TÍTULO DO NOVO ESPECTÁCULO DE IMPOSTORI.

Unha nova proposta humorístico-musical do dúo pop que forman o guitarrista e cantante Carlos Mos e o dramaturgo José Luis Prieto. Interpretan con “dramático humorismo” cancións que falan do amor, a dor, a morte, a estupidez e o insomnio.

**IV CONCURSO
DE BD DE HUMOR**

ALHAMI

Pequeno



www.fene.gal

Realización: Riquie Show + Planar Creativ

SALA CURUXEIRAS

PUERTO Y CIUDAD

27 DE MARZO - 5 DE ABRIL

📍 MUELLE DE CURUXEIRAS

IV FESTA DO MARISCO DE FERROL

4 ABRIL

📍 SALA CURUXEIRAS

🕒 11.00 A 23.00 H

FILISPÍN POP UP

5 - 10 MAYO

📍 SALA CURUXEIRAS

🕒 11.30 A 13.00 H - 17.30 A 19.30 H

EXPOSICIÓN VI CONCURSO DE FOTOGRAFÍA PUERTO Y CIUDAD

 Ferrol
Puerto

Autoridad Portuaria
Ferrol - San Cibrao

18 sábado

20.30 H

MEJOR NO DECIRLO

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

12 €



IMANOL ARIAS E MARÍA BARRANCO PROTAGONIZAN UNHA COMEDIA QUE ABORDA A CONVIVENCIA DUNHA PARELLA QUE QUESTIONA A SINCERIDADE ABSOLUTA NUNHA RELACIÓN.

Escrita por Salomé Lelouch e dirixida por Claudio Tolcachir, a peza chegou a España tras o seu éxito en Argentina, Uruguay, Chile e Paraguay. Desenvólvese a través do diálogo dun matrimonio lonxevo –coa fórmula de saber cando calar– que expón o que sucedería se decidisen contarse absolutamente todo. O texto pon en dúbida todos os lugares comúns, cambiando o punto de vista con moito humor, complicidade e ironía.

19 domingo 19.00 H

A PENÚLTIMA

Monólogo

TEATRO JOFRE (FERROL)

15 €



CARLOS BLANCO PRESENTA NOVO ESPECTÁCULO NO QUE COMBINA HUMOR E MEMORIA.

Porque nunca se sabe. “A penúltima” enlaza imaxes, historias novas e outras xa coñecidas nun monólogo onde o riso está garantido. Unha mirada irónica sobre o paso do tempo nun espectáculo divertido, lúcido e, en certo xeito, curativo. A Penúltima chega este ano... e despois, xa se verá.

Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo
15402 FERROL - A Coruña
Tels.: 981 074 644 - 698 179 453
e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es

24 *venres*

20.30 H

BENQUERER

Danza

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €



FRAN SIEIRA E O DÚO DE MÚSICA E BAILE DE RAÍZ CAAMAÑO & AMEIXEIRAS AFONDAN NOS TERMOS BENQUERER, QUERER, QUERER BEN E QUERERSE BEN.

O auto-coidado emocional é o eixe central sobre o que xira este novo proceso creativo tan persoal e íntimo para o creador, onde a través do seu propio relato detallará a importancia do coidado, de quererse ben, de aceptarse e respectarse a un mesmo. BenQuerer é unha peza íntima e emocional que conecta co cotián, co día a día, e cos nosos procesos de adaptación ante os cambios. Reflexiona sobre como en ocasións asumimos máis do que, talvez, nos pertence. Non fala da felicidade permanente, nin de estar sempre ben: fala de aceptar os momentos nos que o corpo di basta, de coidarse e de aprender a poñer límites.

23, 24, 25 *xoves a sábado*

SEMANA DE POESÍA SALVAXE

Festival de poesía

UBICACIÓNS DIVERSAS (FERROL)

A “POESÍA SALVAXE” ALCANZA A EDICIÓN 18 E CHEGA A SALAS DE CONCERTOS, CENTROS CULTURAI, BARES E, POR SUPOSTO, Á RÚA.

Ateneo, Sala Urania, Cuerda Floja, Fundação Artabria, Centro Cívico de Canido, Manchita Cosa, Mercado de Recimil e Centro Cultural Torrente Ballester recibirán recitais e concertos de máis de vinte poetas baixo a dirección (é un dicir) de Juan Carlos Valle, Karlotti.

25 *sábado*

20.30 H

LUÍSA SOBRAL

Música


TEATRO JOFRE (FERROL)

13 €



A CANTAUTORA PORTUGUESA PRESENTA “DANSANDO”, UN ESPECTÁCULO BASEADO NO DISCO HOMÓNIMO DE 2022.

Recoñecida como unha das voces máis salientables do panorama musical portugués, Luísa Sobral debutou en 2011 con *The Cherry on My Cake*, un álbum aclamado por público e crítica ao que seguiron *There's A Flower In My Bedroom* (2013), *Luísa* (2016) e *Rosa* (2018). Ao longo da súa traxectoria traballou con produtores de prestixio internacional e artistas como Jamie Cullum, António Zambujo ou Sílvia Pérez Cruz, consolidando un universo sonoro propio no que conviven a delicadeza do jazz, a calidez do folk e a sensibilidade do pop. Actualmente, a artista prepara o seu próximo proxecto discográfico, que verá a luz en 2026.



Compartimos a vida

GADIS

PROGRAMACIÓN
2026



ABRIL

S **11** 20.00 HORAS

TEATRO COMEDIA
EL BRUJO

**EL VIAJE DEL
MONSTRUO FIERO**

V **17** 20.30 HORAS
CAFÉ-TEATRO

MÚSICA POP
IMPOSTORI

**QUE SE TE ACABA
EL TIEMPO**

S **18** 20.00 HORAS

MÚSICA ROCK
BROTHERS IN BAND

**DIRE STRAITS
BROTHERS IN BAND -
BROTHERS IN ARMS
40 ANIVERSARIO**

V **24** 20.30 HORAS

DANZA
FRAN SIEIRA COMPAÑÍA DE DANZA

**BENQUERER, FRAN
SIEIRA BAILALLE
A CAAMAÑO &
AMEIXEIRAS**

S **24** 20.00 HORAS

TEATRO CONTEMPORÁNEO
LA ZARANDA

**TODOS LOS ÁNGELES
ALZARON EL VUELO**



**PAZO DA
CULTURA**
Concello de Narón

25 sábado

20.00 H

LA ZARANDA

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

16 €



MESMO NO MÁIS SÓRDIDO PODE XURDIR ALGO POÉTICO OU DIGNO. A COMPAÑÍA DE TEATRO LA ZARANDA PRESENTA "TODOS LOS ÁNGELES ALZARON EL VUELO", A SÚA OBRA MÁIS RECENTE, NA QUE DE NOVO DA VOZ AOS ESQUECIDOS.

A obra, escrita por Eusebio Calonge e dirixida por Paco de La Zaranda presenta a varios personaxes marxinais (un expresidentario, dúas prostitutas e un "tolo lúcido") que viven atrapados en situacións de pobreza, violencia e desesperanza. Con "Todos los ángeles alaron el vuelo" La Zaranda cumpre 48 anos encima dos escenarios de todo o mundo, sendo a compañía española en activo máis lonxeva, mérito que quizá alcanzasen porque sempre foron ao contraxeito.

30 xoves

20.30 H

GRAN BEETHOVEN

Música

AUDITORIO DE FERROL

16 €



A ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA, DIRIXIDA POR VÍCTOR PABLO PÉREZ, OFRECE UN PROGRAMA DE GRAN BELEZA.

O concerto comezará coa Marcha Triunfal de Marcial del Adalid para dar paso ao Concerto para piano nº 3 en do menor de Beethoven, interpretada polo pianista polaco Rafał Blechacz, reconecido polo seu virtuosismo. Pecha o programa unha das composicións máis soadas de todos os tempos: a Sinfonía nº 5, tamén de Beethoven.

LES GREENE

& THE PICKIN' BOPPERS

**VENRES 5 DE XUÑO
20:30 HORAS
TEATRO JOFRE**



embora producións FERROL

ESTREA DESTACADA | 17 DE ABRIL



UN POETA

Simón Mesa Soto

De onde nace esta historia dun vello poeta fracasado?

É o meu proxecto máis privado. Todo empezou cunha pregunta íntima: e se eu mesmo son un artista fracasado?

Facer cinema en Colombia é terriblemente difícil, e despois da miña primeira longametraxe considerei seriamente deixalo.

Víame con cincuenta anos, gañándome a vida como profesor –no fondo segue sendo o que me dá de comer– e vivindo grazas ao recordo idealizado dun pasado artístico. Tamén quería explorar a arte desde dentro: que significa crear, que limitacións conleva, que concesións esixe. O filme xurdiu dun certo aborrecemento do sistema artístico e do desexo de crear algo libre, sen moldear, cun espírito case punk. Foi unha forma de volver conectar co que unha vez significou para min o cinema. E no canto de retratarme a min mesmo como cineasta, elixín a figura dun poeta, porque ser poeta é aínda máis utópico, se cabe.

O filme interrógase acerca de que é e para que serve a arte a

través da poesía.

A miúdo vemos a arte como algo elevado, pero tamén é unha industria, mesmo cando é independente. No cinema, por exemplo, hai un mercado que dita que é o que espera ver o público, e hai certos patróns que se repiten, especialmente no cinema latinoamericano.

En tanto que artista, tes que decidir se satisfacer esta demanda externa ou pensar que é o que de verdade te motiva.

Eu quería volver a algo máis puro: unha forma de arte crúa e visceral, menos mecánica.

Aí é onde intervé a poesía. Non foi unha elección estratéxica, senón unha corazónada. Na miña cidade, Medellín, coñezo a moitos poetas que non encaixan nos moldes establecidos. Teñen rúa, son punks, xente real, e resultábanme máis fascinantes que a figura dun director de cine. A poesía ten unha calidade anacrónica: dá a sensación de que segue existindo no pasado, e ese aspecto marcóume á hora de contar esta historia. Por exemplo, os recitais de poesía parecen case atemporais,

allos á idea da arte como algo utilitario ou comercial. E nese mundo hai contradicións e un humor moi característico que quería explorar a través dunha comedia escura.

Que querías explorar a través da relación profesor-alumna? Hai unha especie de salvación mutua?

Si, sen dúbida. Con esa relación quería explorar varios dilemas que me suscita a práctica artística, especialmente nun país como Colombia, onde as desigualdades sociais son tan acusadas. Na arte, e en concreto no cine, opera moitas veces unha lóxica pola cal o creador, desde unha posición máis privilexiada, transforma ao “outro”, ao personaxe menos privilexiado, na materia prima da súa obra. Como representar a ese “outro” sen despouílo da súa verdadeira esencia? A relación entre Óscar e Yurlady axudóume a abordar esa cuestión.

Atalante (fragmento)

01 ABRIL**LA GRAZIA****Paolo Sorrentino**

2025 | ITALIA | 133' | ITAIANO | +12



Mariano De Santis, o presidente saínte de Italia, enfróntase a encrucilladas morais e persoais coa axuda da súa confidente e filla, Dorotea. Unha meditación íntima sobre a paternidade, a conciencia e a pregunta eterna: quen é dono dos nosos días?

Venecia 2025 (Mellor Actor: Toni Servillo)

“O mellor Paolo Sorrentino (...) un dos filmes de maior envergadura da súa carreira “ El Periódico

CALLE MÁLAGA**Maryam Touzani**

2026 | ESPAÑA | 116' | ESPAÑOL | +12



María Ángeles é unha española de 79 anos que vive soa en Tánxer. Todo muda cando a súa filla Clara chega desde Madrid para vender o apartamento no que viviron. Decidida a ficar na cidade que a viu medrar, fará todo o posible para manter o seu fogar e os obxectos da súa vida.

Venecia 2025 (Premio do Público)

“Unha luminosa Carmen Maura achega calidez, magnetismo e unha forza indomable a este conmovedor drama doméstico marroquí” The Hollywood Reporter

10 ABRIL**ESPEJOS N°3****Christian Petzold**

2025 | ALEMAÑA | 86' | alemán



Unha moza estudante de música sofre un accidente de coche no que morre o seu mozo. Milagrosamente sae ilesa e é acollida por unha estraña familia. Tras pasar un tempo con eles atopa o apoio para recuperarse pero decátase de que algo nesa familia non vai ben. Daquela empeza a preguntarse quen son realmente e que escursos segredos agochan.

Cannes 2025 (Quincena dos Cineastas)

“Unha historia de ausencias e reflexos que rende tributo a Hitchcock” La Nación

17 ABRIL**UN POETA****Simón Mesa Soto**

2025 | CHILE | 120' | ESPAÑOL | +16



Óscar Restrepo, o poeta do título, non foi quen de estar á altura dos seus prometedores inicios na literatura e sobrevive como pode dando aulas nun instituto e coidando da súa nai. En Yurlady, unha das súas alumnas, descobre un espírito afín, un diamante en bruto da poesía.

Cannes 2025 (Premio do Xurado Un Certain Regard)

“Satisfactoriamente tráxico e hilarante (...) Toca con destreza temas de importancia contemporánea” Screendaily

PREESTREA:**MÉR 15 ÁS 19:15**

Encontro en liña e en directo entre o director Simón Mesa Soto e Carla Simón, aberto ao público.

**24 ABRIL****EL SONIDO DE LA CAÍDA**
Mascha Schilinski

2025 | ALEMAÑA | 150' | ALEMÁN



Catro mozas adolescentes viven nunha mesma granxa do norte de Alemaña en épocas diferentes. Co paso dos anos, a casa transfórmase, pero o eco do pasado resoa entre as vellas paredes. A pesar das décadas que as separan, as súas vidas parecen reflexarse entre elas.

Cannes 2025 (Premio do Xurado)

“Un belo exercicio de cinema e misterio (...) unha simple e moi sorprendente marabilla” El Mundo

30 ABRIL



ASÍ CHEGOU A NOITE
Ángel Santos

2025 | ESPAÑA | 120' | GALEGO | +12

Un escultor establece o seu taller nunha afastada zona rural da costa galega. Un encontro cun antigo amor provoca a reflexión do escultor sobre o seu desexo de illamento e a necesidade dunha nova fuxida.

Xixón 2025 (Mellor Dirección)

“Santos indubidablemente ten sensibilidade, voo visual para construír climas fascinantes” Otrs Cines

01 MAIO

PRESENTACIÓN E COLOQUIO
CO DIRECTOR ÁNGEL SANTOS

Petís DUPLEX

CINEMA PARA TODA A FAMILIA, OS DOMINGOS ÁS 12:00.
CICLO GRATUÍTO EN COLABORACIÓN COA CONCELLERÍA DE CULTURA DE FERROL

DOMINGO 5 E 19

EL SECRETO DEL HERRERILLO

Antoine Lanciaux

FRANCIA | 77' | ESPAÑOL | +5



Cando Lucie chega a Bectoile para pasar as vacacións non pode imaxinar as aventuras que a agardan. Guiada por un par de ferreiriños e coa axuda do seu novo amigo Jan, Lucie está decidida a se adentrar na historia da súa familia. “Unha fermosa ópera prima, gran tenrura narrativa e visual” Cineuropa”

DOMINGO 12

MARY SUPERCHEF

Enzo D’Alò

LUXEMBURGO | 85' | ESPAÑOL | TP



Mary ten 11 anos e soña con converterse nunha gran chef. Porén, en todo camiño hai escollos. Mary emprende unha viaxe que lle obriga a traspasar as barreiras do tempo e no que catro xeracións de mulleres se reunen para apoiarse mutuamente. “Un relato interxeracional emocionante e acompañado dunha estupenda banda sonora.” Hobby Consolas

Off DUPLEX

O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO. PASES ÚNICOS

MAR 7 ÁS 19:45

HISTORIAS DEL BUEN VALLE

José Luis Guerin

ESPAÑA | 122' | ESPAÑOL | TP



Na paisaxe indefinida dun barrio periférico, coexisten as casas erguidas polos primeiros migrantes que chegaron de toda España tras a posguerra... e os novos bloques e vivendas da cidade dormitorio onde se concentra a nova migración. Historias del buen valle é unha

suma de imaxinarios, de conflitos sociais, xeracionais e identitarios, urbanísticos e ecolóxicos, pero é tamén unha mirada repousada e humanista sobre o mundo actual.

Donostia 2025 (Premio especial do xurado e Cooperación española)

“Unha lección de cinema de imaxes puras, cristalinas, poéticas” La Vanguardia

MAR 28 ÁS 19:45

DOS FISCALES

Sergei Loznitsa

2025 | UCRANIA | 118' | UCRANIANO

Unión Soviética, 1937. Miles de cartas de detidos acusados falsamente polo réxime son queimadas nunha cela da prisión. Contra todo prognóstico, unha



delas chega ao seu destino, o escritorio do recentemente nomeado fiscal local, Alexander Korniyev. A súa procura de xustiza levarao ata a oficina do Fiscal Xeral en Moscova. Na época das grandes purgas estalinistas, un home mergúllase nos corredores dun réxime que non quere ser chamado totalitario.

Xixón 2026 (FICX Premiere)

“Escalofriante e rotundo retrato do terror estalinista (...) Sobria e devastadora ficción” El País

TEMPADA DE ÓPERA E BALLET

TEMPADA DE ÓPERA E BALLET

MAR 21 ÁS 19:45

LA FLAUTA MÁGICA DAVID MACVICAR

Royal Opera & Ballet

2026 | REINO UNIDO | 210' | ÓPERA



A princesa Pamina foi capturada. A súa nai, a Raíña da Noite, encomenda a o novo príncipe Tamino a misión de rescatala. Tamino e o simpático Papageno emprenden unha aventura guiados por unha fruta máxica. Enfróntanse a monstros, viláns e unha misteriosa irmandade de sabios... aínda que a axuda, ao final, chega de onde menos lla esperan.

A fantasía de Mozart brilla con forza nesta encantadora produción de David McVicar.

Pase único

REESTREA

SÁB 11 ÁS 19:15

KILL BILL: THE WHOLE BLOODY AFFAIR QUENTIN TARANTINO

EUA | 275' | INGLÉS



Quentin Tarantino une os volumes 1 e 2 de Kill Bill nunha epopea única sen censura, presentada tal como a concibiu, cunha nova secuencia de animación inédita. Uma Thurman interpreta A Noiva, dada por morta despois de que o seu antigo xefe e amante Bill lle disparase na cabeza. Antes de se enfrontar a Bill, deberá cazar os catro membros do Escuadrón Asasino Víbora Letal.

DUPLEX Cinema

De LUNS a DOMINGO De 17:00 a 22:00
Sesiões matinais sábados e domingos

Proxeccións en VOSE, agás que se sinale o contrario.

Máis información en duplexcinema.com

Travesía Moreno 3, Ferrol

info@duplexcinema.com | 981 35 60 65





NOVELA

PUNTO DE ARAÑA

NEREA PALLARES | EDITORIAL GALAXIA | 154 PÁX. | **17,35€**

GALARDOADA NA ÚLTIMA EDICIÓN DO PREMIO GARCÍA BARROS E RECENTEMENTE EDITADA EN CASTELÁN POR LIBROS DEL ASTEROIDE, NEREA PALLARES DÁSE A COÑECER A NIVEL POPULAR CON ESTA NOVELA FEMINISTA DE ARRECENDO MITOLÓXICO.

Unha narración ambientada acertadamente en terras de Camariñas, Pallares invoca explícita ou implicitamente vellos mitos desde Ariadna ata Ífixenia, para pespuntar un relato que mestura realidade e fantasía sobre unha vinganza, simplifiquemos así, das mulleres sobre os homes da vila a partir dun terrible crime. A protagonista chega á vila da Costa da Morte para facerse cargo do museo de Encaixe, pero descoñece que foi a elixida para completar un plan que poñen en marcha as mulleres da localidade invocando a tres figuras míticas que desencadean unhas forzas poderosas que mudarán o destino das súas protagonistas e da vila en xeral. Elaborada cun ritmo poderoso, “Punto de Araña” introduce máis temas como o da propia linguaxe, a inxustiza atávica nas relación persoais entre homes e mulleres o una propia valoración do traballo feminino no mar. Partindo da propia metáfora do traballo das palilleiras, Pallares constrúe un fresco poderoso e insólito, unha literatura moi elaborada de voces corais, acerca do papel feminino na sociedade, a de Camariñas e a do resto do mundo.

ENSAIO

LAS ÉLITES QUE DOMINAN ESPAÑA

ANDRÉS VILLENA OLIVER | LIBROS DEL K.O. | 416 PÁX. | **23,90€**

O profesor Andrés Villena analiza neste ensaio as claves dun poder que, á sombra ou á luz, se perpetúa no tempo na historia de España polos mesmos clans e nomes, aquí centrada desde o franquismo ata a actualidade. Desde os tempos da autarquía ata o ascenso do Opus Dei e o Plan de Estabilización do 59, tecnocracia e “desarrollismo”, chegada da democracia, renovación das élites, papel do PSOE e o PP ou a batalla nos medios, de todo fala Villena neste libro rigoroso, cheo de nomes e datos que radiografan a historia do poder dun país e a súa elite caníbal.

NOVELA

O PAZO DAS MARISMAS

ALBERTE BLANCO CASAL | EDICIÓN XERAIS | 464 PÁX. | **20,42€**


Ensaísta e narrador de fondo alento, Alberte Blanco Casal foi finalista na pasada edición do premio Xerais de novela con esta narración que mestura o policíaco e conflito histórico na ría de Vigo ao abeiro da Iª Guerra Mundial. A novela combina de xeito absorbente o conflito xeracional no seo dunha poderosa saga, a situación dentro do pazo familiar como símbolo de poder no contexto da gran guerra, e os misterios e intrigas que conforman a mecánica nunha narración que segue os códigos do “thriller” máis clásico e de clara raíz cinematográfica.

DELICIAS SONORAS



LOS HUÉSPEDES FELICES ESPACIOS TEMPORALES

Hai tres piares sobre os que se asenta a traxectoria de máis de tres décadas da banda fenesa e dos que o seu novo disco, “Espacios temporales” (Clifford Records), é boa mostra. Dunha banda, o seu sentido temporal oriental que os leva a editar un LP cando queren, e poden non querer en máis de dez anos. Doutra banda, o traballo en estudio propio que lles permite experimentar con sons e achádegos como se estivesemos nos tempos heroicos do pop a finais dos anos 60. E unha terceira clave que vai diso, dunha banda erudita nos estilos musicais vedraños de hai décadas, pop psicodélico, folk, progresivo que inzan o seu cancionero. Aquí o quinteto fenés publica un disco inesgotable, con dez pezas inzadas de arranxos moi coidados que van desde a solleira “El cielo es lo mismo en cualquier lugar” ata a poderosa “Espacios temporales” ou a doce melodía de “Al amanecer”. Entre medias, pezas que falan dun espazo singular destes hóspedes dun planeta propio, insólito no pop de hoxe como ben deixaron claro as críticas de moitos colegas e medios estatais de prestixio. Cómpre un recoñecemento xa.



TESOURO NO CENTRO DO MUNDO

Segundo disco longo da banda ourensá-fenesa Tesouro, tamén no exquisito selo bilbaíno Hanky Panky Records. A formación do crítico e músico Carlos Rego (Cosecha Roja, Burgas Beat) adéntrase neste “No centro do mundo” naquilo que quería Lou Reed para a súa música, rock con temas adultos pero con paixón abondo como para non oxidarse. Ao longo de dez estupendas pezas en galego e castelán o disco trata a madurez e o paso do tempo de xeito lúcido e luminoso. Cun power pop immaculado con arrecendo local abre a oda urbana “Amo la ciudad” partindo dun poema do donostiarra Karmelo Iribarren. Máis homenaxes poéticas na vibrante “Revisando os danos”, adaptación de Lois Pereiro, a chiscadela inicial a Manuel Antonio en “Sós” ou a anónima “Silencio de Ourense”. Entre as cancións completamente propias máis perdurables está o sinxelo potencial de “La sombra de lo que fuimos”, “Tus llamadas” ou “Aprendiendo el oficio”, na liña do que ao comezo expresamos sobre Lou Reed. En definitiva, un disco no que Tesouro segue a amosar o ben que se poden contar as cousas cando un sabe facelo.



V.V.A.A MUSIK MUSIC MUSIQUE 1979: THE ROOTS OF SYNTH POP

O fascinante selo británico Cherry Red continúa publicando recompilacións que indagan no pasado do pop electrónico dos anos 80. Este cuarto volume da serie recolle pezas máis antigas radiografando o que se levaba a finais dos anos 70. Trátase de unha “precuela” fascinante coa que coñecer o pop de sintetizadores a aquela altura. Son 60 pistas que mostran a artistas como The Buggles -o seu popular “The video killed the radio star” figura aquí pero en versión de Bruce Woolley & The Camera Club-, Tubeway Army así como o seu cantante Gary Numan está en solitario co cenital “Cars”, The Human League, OMD, Suicide, Thomas Leer, Devo ou incluso The Cars entre outros. Bandas coñecidas ou esquecidas que recollen as ensinanzas de Kraftwerk con elementos de new wave ou punk. Resulta fascinante como a case medio século estes artistas adiantáronse ao seu tempo e crearon modernidade musical cun toque de alegría naif sobre as posibilidades dun futuro que a día de hoxe non é para botar foguetes (agás que un sexa un Trump ou un Netanyahu, claro).

ABRIL

03venres

MÚSICA

23.45 h Sala La Room. Ferrol.

GOLFA

04sábado

MÚSICA

23.45 h Sala La Room. Ferrol.

THE ROCK LEGEND



10venres

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

MARCIAL DEL ADALID: PIANO A 4 MANS



MÚSICA

23.45 h Sala La Room. Ferrol.

PULSE4 LAGACY

11sábado

TEATRO

20.00 h Auditorio Municipal. Cedeira.

BERENGUELA NA GAIOLA



TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

EL VIAJE DEL MONSTRUO FIERO



TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

O DRAGÓN DE OURO



MÚSICA

23.45 h Sala La Room. Ferrol.

IZAKI GARDENAK



12domingo

DOMINGOS A ESCENA

20.30 h asdfadf

O CASO DO CADÁVER ASASINADO

15mércores

COLOQUIO

18.00 h Casa da Cultura. Fene.

A REBELIÓN DA LECTURA

16xoves

CONTANDO CIENCIA

19.30 h Casa da Cultura. Fene.

DIN QUE HAI QUE COMER DE TODO, POR ANGELES ROMERO

MÚSICA

20.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

CREBINSKY BALKAN BAND



17venres

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

O CRUX AVE, SPES UNICA. MÚSICA ITALIANA DO SÉCULO XVII

MÚSICA

20.30 h Café Teatro. Narón.

IMPOSTORI



MÚSICA

23.45 h Sala La Room. Ferrol.

INDIEGENTES

18sábado

INFANTIL

18.00 h Teatro de Beneficencia. Ortigueira.

PUNKINFANTIL

TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

MEJOR NO DECIRLO



MÚSICA

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

DIRE STRAITS BROTHERS IN BAND

19domingo

TEATRO

19.00 h Teatro Jofre. Ferrol.

CARLOS BLANCO: A PENÚLTIMA



DOMINGOS A ESCENA

19.00 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol.

A CONSPIRACIÓN DA PIOLLA

24venres

DANZA

20.30 h Pazo da Cultura.
Narón.

**BENQUERER, FRAN
SIEIRA BAILALLE A
CAAMAÑO&AMEIXEIRAS**



25sábado

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

**TODOS LOS ÁNGELES
ALZARON EL VUELO**



MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

LUISA SOBRAL



26domingo

DOMINGOS A ESCENA

19.00 h Centro Cívico de
Caranza. Ferrol.

**BRANCO E NEGRO E EN
COR**

29mércores

CINE

20.30 h Centro Cultural Torrente
Ballester. Ferrol.

EL SUSTO



30xoves

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

**ORQUESTRA SINFÓNICA
DE GALICIA**

edicións **embora**



NOVO TÍTULO

da colección de Memoria Histórica
dos nosos barrios

Memoria Histórica de
Doniños



ai
Nº 214
ANO XIX

EDITA:

ee edicións **embora**
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

f @Ai

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás
Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.

A paisaxe que sabe

Cabo Ortegal
CARIÑO

Santo André de Teixido
CEDEIRA

Torre de Hércules
A CORUÑA

Cabo do Roncudo
PONTECESO

*Espazo Natural
Razo- Baldaio*
CARBALLO

Vila de Laxe
LAXE

*Cabo Vilán e
Cemiterio dos ingleses*
CAMARIÑAS

*Dunas de
Corrubedo*
CORRUBEDO

*Praia de
Coroso*
RIBEIRA